



FACULTADE DE FILOLOXÍA
Departamento de Filoloxía Galega

Literatura Galega Medieval

Lydia Fontoira Suris

GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO
2011/2012

FACULTADE DE FILOLOXÍA. DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

AUTOR: Lydia Fontoira Suris
Edición electrónica. 2011

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito do autor.

1. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

Materia: Literatura Galega Medieval

Código: G5051226

Tipo de Materia e Curso no que se imparte: Materia obrigatoria de 2º curso do Grao en Lingua e Literatura Galegas

Número de créditos: 6

Duración: Segundo cuadrimestre

Idioma no que se imparten as clases: galego

Profesora: Lydia Fontoira Suris

Horario de titorías: Luns, martes e mércores de 10:00 a 12:00

Lugar: Despacho 108. Facultade de Filoloxía

Teléfono: 881811788

Enderezo electrónico: lydia.fontoira@usc.es

2. CONTEXTUALIZACIÓN DA MATERIA NO PLANO DE ESTUDOS

I. Bloque formativo no que se encadra a materia

Esta materia intégrase na modalidade Maior do Grao en Lingua e Literatura Galegas, de tal xeito que forma parte dun grupo de materias dirixidas a proporcionarlle ao alumnado os coñecementos, competencias e destrezas que lle garantan unha completa formación avanzada nesa titulación; no caso concreto desta materia, unha completa formación en literatura galega medieval, na súa caracterización, xéneros, autores e relacións que garda co seu entorno hispánico e europeo.

II. Papel que xoga a materia no Plano de Estudos. Aportación a outras materias

Dentro do Maior esta materia, integrada no segundo curso, continúa a programación dos temas da *Introdución á literatura galega I* adicados ao estudo preliminar da literatura galega medieval, existindo unha clara complementariedade entre elas. A suma de ambos contidos é o que garantirá ao alumno unha formación sólida nesta etapa aurostral da nosa literatura.

Encádrase, pois, no conxunto das adicadas ao estudo da literatura galega, que van secuenciando os seus contidos ao longo dos catro cursos. Mais é tamén indudable que mantén relación estreita coas materias que estudan a lingua daquela etapa, e tamén con outras disciplinas que enfocan desde outros puntos de vista aquel momento histórico.

Considérase positivo para maduración do alumno nesta altura do desenvolvemento dos seus estudos académicos a profundización nun feito literario que tivo lugar nunhas coordenadas diferentes das que caracterizan a vida actual, o que supón un esforzo de comprensión dunha situación e dun pensamento diferente do vivido.

III. Interese da materia para a futura profesión

A literatura medieval é unha etapa especialmente brillante e relevante da nosa creación literaria, que nace cunha forza espectacular que vai provocar a instauración da súa lingua de expresión e da súa estética en grande parte do territorio peninsular onde a lírica inicial se desenvolverá en galego. Consideramos, pois, que a formación do alumno en relación coas creacións literarias medievais ten un valor en si mesmo dentro da súa formación como profesional.

A isto debemos engadir o fomento do hábito de lectura, a capacidade crítica e os diversos valores formativos que o seu estudo debe fornecer e desenvolver no alumno, e que o capacitarán mellor para calquera realización profesional en relación cos seus estudos.

3. OBXECTIVOS DA MATERIA

- *Estudar a etapa medieval da literatura galega, centrándonos nos diferentes xéneros e nas particularidades métricas, retóricas e temáticas que os caracterizan como tales, así como nos autores máis representativos e textos sobranceiros.*
- Continuar o estudo da literatura galega medieval iniciado na materia de "Introdución á Literatura Galega, 1" na que se establecían as bases analíticas nas que agora se profundizará.
- Coñecer os movementos e feitos literarios da etapa estudada, as súas orixes e caracterización.
- Estudar os aspectos compositivos comúns das cantigas medievas galego-portuguesas.
- Ler, analizar e establecer a caracterización dos principais xéneros líricos medievas.
- Estudar os elementos característicos dos xéneros con menor presenza nos cancioneros.
- Ler e analizar a poesía medieval galega de temática relixiosa, e establecer as súas relacións coa lírica profana.
- Situar no contexto europeo, ler e caracterizar as manifestacións en prosa literaria desta etapa medieval, e as especiais circunstancias da súa produción.
- Coñecer os principais xéneros, obras e autores representativos da lírica epigonal.
- Adquirir os coñecementos técnicos e a terminoloxía correspondente para a realización de comentarios literarios de textos medievas.
- Con todas estas actividades non só se pretende a capacitación do alumno na materia mediante a asimilación de coñecementos pertinentes, senón tamén fomentar hábitos intelectuais, de reflexión, de capacidade crítica, de achegamento á lectura e de comunicación que son os obxectivos xerais e básicos do ensino.

4. COMPETENCIAS

Coas competencias pretendemos a capacitación en aspectos do perfil dos estudos pero tamén o dominio dalgunha capacidade xenérica propia dunha actividade intelectual, que constituirá o futuro ámbito de traballo do alumno. Por iso, á par do dominio da temática específica, traballaremos especialmente as seguintes destrezas mediante unha serie de actividades nas que estas se concreten:

- Favorecemento da **comunicación verbal** (*competencia xeral instrumental*) mediante a participación nas clases interactivas onde se desenvolverán comentarios de textos e de obras, lecturas dirixidas e intervencións relacionadas cos traballos escritos que deberán entregar os alumnos. Esta competencia tamén se practicará nas titorías específicas, co comentario persoal dos traballos propostos pola profesora e cuestións relacionadas co desenvolvemento teórico dos temas. Esta actividade debe fomentar, así mesmo, o desenvolvemento da **comunicación interpersoal** (*competencia xeral interpersoal*) que cremos importante na formación dun profesional dunha actividade eminentemente social. Cremos ademais que servirá de **estimulación intelectual** (*competencia xeral sistémica*) coa que se practicará a capacidade crítica e de argumentación e defensa de opinións, e servirá tamén de **automotivación para o estudo** (*competencia xeral interpersoal*).
- Favorecemento da **expresión escrita** (*competencia xeral instrumental*) mediante a realización dos traballos citados que se desenvolverán individualmente, e que servirán tamén para a potenciación das competencias referidas na actividade anterior.

5. CONTIDOS DA MATERIA

Descritor

Literatura galega medieval. Centrada nos diferentes xéneros e nas particularidades métricas, retóricas e temáticas que os caracterizan como tales, así como nos autores máis representativos e textos sobranceiros.

Temario

1. Caracterización e estrutura da cantiga

- 1.1. A homoxeneidade formal
- 1.2. Os elementos retóricos

2. A cantiga de amor

- 2.1. A relación coa cansó provenzal
- 2.2. Análise do contido
- 2.3. Os procesos conceptistas

3. A cantiga de amigo

- 3.1. As orixes líricas
- 3.2. Caracterización
- 3.3. Análise do contido
- 3.4. Modalidades

4. A cantiga de escarnio e de maldicir

- 4.1. Consideracións xerais
- 4.2. Clasificación e estudo temático

5. Os xéneros menores

- 5.1. Os xéneros dialogados
- 5.2. Os xéneros baseados en técnicas formais e compositivas
- 5.3. Os xéneros de temática amorosa
- 5.4. Os xéneros e as relacións sociais

6. *As Cantigas de Santa María*

- 6.1. O contexto
- 6.2. Noticia dos códigos
- 6.3. Fontes
- 6.4. Estrutura e evolución da obra
- 6.5. As cantigas narrativas e non narrativas
- 6.6. A autoría
- 6.7. Métrica, música e lingua

7. O estudo da prosa

- 7.1. Consideracións previas
- 7.2. Os textos xurídicos
- 7.3. Os textos de carácter histórico
- 7.4. Os textos de finalidade didáctica
- 7.5. A novelística
 - 7.5.1. O ciclo clásico
 - 7.5.2. O ciclo bretón
 - 7.5.3. O ciclo carolinxio

8. A lírica epigonal

- 8.1. A transmisión textual
- 8.2. A evolución temática e retórica
- 8.3. Principais autores e obras

Lecturas obrigatorias

Fidalgo, E. (ed. lit.), *De amor y de burlas. Antología de la poesía medieval gallego-portuguesa*, Vigo, NigraTrea, 2009.

Montoya, J. (ed. lit.), *Alfonso X el Sabio, Cantigas*, Madrid, Cátedra, 1988.

Pensado, J.L. (ed. lit.), *Mirages de Santiago*, Madrid, CSIC, 1958, 69-150 [Pseudo Turpín].

Selección textual entregada pola profesora

Recoméndase o rápido inicio da lectura dos textos obrigatorios por requeriren dun esforzo suplementario ao tratarse de textos medievais, con lingua, estilo e temática propios da súa época.

Bibliografía xeral**Dicionarios , Enciclopedias e Historias da Literatura Galega**

AA.VV. *Historia da literatura galega*, I, Vigo, A.S.-P.G./ A Nosa Terra, 1996.

Biblos. Enciclopedia VERBO das Literaturas de Língua Portuguesa, Lisboa/São Paulo, Verbo, 1995-

Brea, Mercedes (coord.), *Galicia. Literatura. A Idade Media*, A Coruña, Hércules, 2000. (Proxecto Galicia, tomo XXX).

Lanciani, Giulia e Giuseppe Tavani (coord.), *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa, Caminho, 1993.

Pena, Xosé Ramón, *Historia da literatura medieval galego-portuguesa*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2002.

Pimpão, A.J. da Costa, *História da literatura portuguesa. I. Idade Média*, Coimbra, Edições Quadrante, 1959 (2ª ed.).

Tarrío Varela, Anxo, *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica*, Vigo, Xerais, 1994.

Vilavedra, Dolores (coord.) *Diccionario da literatura galega. I. Autores*, Vigo, Galaxia, 1995.

Vilavedra, Dolores, *Historia da literatura galega*, Vigo, Galaxia, 1999.

Recursos en rede

Bibliografía: <http://griso.cti.unav.es/medieval/principal.html>

Bibliografía de textos antigos galegos e portugueses:
<http://sunsite.berkeley.edu/PhiloBiblon>

Corpus lírico profano: <http://www.cirp.es/WXN/wxn/homes/meddb.html>

Tesouro medieval informatizado da lingua galega: <http://corpus.cirp.es/tmilg>

The Oxford *Cantigas de Santa Maria* Database: <http://csm.mml.ox.ac.uk>

Repertorios bibliográficos

Boletín bibliográfico de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval, Barcelona, AHLM, 1987-...

Pellegrini, S. e G.Marroni, *Nuovo repertorio bibliografico della prima lirica gallego-portoghese (1814-1977)*, L'Aquila, Japadre Editore, 1981.

Estudos

Arbor Aldea, Mariña e A.F. Guiadanes (eds.), *Estudos de edición crítica e lírica galego-portuguesa. Verba*, anexo 67, Santiago de Compostela, Universidade, 2010.

Asensio, Eugenio, *Poética y realidad en el Cancionero Peninsular de la Edad Media*², Madrid, Gredos, 1970.

Beltrán, Vicenç, *A cantiga de amor*, Vigo, Xerais, 1995.

Beltrán, Vicente, *La canción de amor en el otoño de la Edad Media*, Barcelona, Promociones y Publicaciones Universitarias, 1988.

Beltrán, Vicenç, *Poética, poesía y sociedad en la lírica medieval. Verba*, anexo 59, Santiago de Compostela, Universidade, 2007.

Betti, Maria Pia, *Repertorio metrico delle "Cantigas de Santa Maria" di Alfonso X di Castiglia*, Ospedaletto (Pisa), Pacini, 2005.

Billy, Dominique *et alii*, *La lirica galego-portoghese. Saggi di metrica e musica comparata*, Roma, Carocci, 2003.

Brasil, Reis, *A cantiga de amor e a evolução do lirismo português*, Lisboa, 1960.

Brea, Mercedes e Pilar Lorenzo Gradín, *A cantiga de amigo*, Vigo, Xerais, 1998.

Brea, Mercedes (coord.), *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda, hoxe*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2005.

Brea, Mercedes (coord.), *Estudos sobre léxico dos trovadores. Verba*, Anexo 63, Santiago de Compostela, Universidade, 2008.

Castro, Bernardo Monteiro de, *As Cantigas de Santa Maria. Um estilo gótico na lírica ibérica medieval*, Niterói (RJ), Editora da Universidade Federal Fluminense, 2006.

Corral Díaz, Esther, *As mulleres nas cantigas medievais*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, 1996.

Corral Díaz, Esther (coord.), *Guía para o estudo da lírica profana galego-portuguesa*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, CRPIH, 2010.

Fidalgo, Elvira (coord.), *As Cantigas de Loo de Santa María (edición e comentario)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, CRPIH, 2004.

Fidalgo, Elvira, *As Cantigas de Santa Maria*, Vigo, Xerais, 2002.

Filgueira Valverde, J., “Lírica medieval gallega y portuguesa”, en *Historia general de las literaturas hispánicas*, I, Barcelona, Barna, 1949.

Gutiérrez García, Santiago e Pilar Lorenzo Gradín, *A literatura artúrica en Galicia e Portugal na Idade Media*, Santiago de Compostela, Universidade, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 2001.

Gutiérrez García, Santiago, *Amor e burlas na lírica trobadoresca. Un estudo das cantigas paródicas galegoportuguesas*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 2006.

Heur, Jean Marie d', *Recherches internes sur la lyrique amoureuse des troubadours galiciens-portugais (XII-XIV siècles). Contribution à l'étude du Corpus des troubadours*. Liège, Université de Liège, 1975.

Lacarra Lanz, Eukene (dir.), *Amor, escarnio y linaje en la literatura gallego-portuguesa*, Zarautz, Xunta de Galicia, Servicio Editorial de la Universidad del País Vasco, s.a.

Lanciani, Giulia e Giuseppe Tavani, *As cantigas de escarnio*, Vigo, Xerais, 1995.

Lapa, Manuel Rodrigues, *Lições de literatura portuguesa. Época medieval*, Coimbra, Coimbra Editora, 1981 (10ª ed.).

Le Gentil, Pierre, *La poésie lyrique espagnole et portugaise à la fin du Moyen Age*, Genève-Paris, Slatkine, 1981

Lesser, Arlene T., *La pastorela medieval hispánica: pastorelas y serranas galaico-portuguesas*, Vigo, Galaxia, 1970.

Lopes, Graça Videira, *A sátira nos cancioneros medievais galego-portugueses*, Lisboa, Estampa, 1994.

Lorenzo, Pilar, *La canción de mujer en la lírica medieval*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da Universidade, 1990.

Martins, Mário, *A Sátira na Literatura Medieval Portuguesa. (Séculos XIII e XIV)*, Lisboa, Instituto de Cultura Portuguesa, 1977.

Monteagudo, Henrique, *Letras primeiras. O Foral do Burgo de Caldelas, os primordios da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2008.

Montoya Martínez, J., *O cancionero marial de Afonso X, o Sabio*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da USC, 1991.

Oliveira, António Resende de, *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneiros peninsulares e as recolhas dos sécs. XIII e XIV*, Lisboa, Colibri, 1994.

Oliveira, António Resende de, *O trovador galego-português e o seu mundo*, Lisboa, Notícias, 2001.

Oliveira, António Resende de, *Trovadores e xograres. Contexto histórico*, Vigo, Xerais, 1995.

Pichel, Antonio, *Ficción poética e vocabulario feudal na lírica trovadoresca galego-portuguesa*, A Coruña, Diputación Provincial, 1987.

Polín, Ricardo, *A poesía lírica galego-castelá (1350-1450)*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da Universidade, 1994.

Scholberg; Kenneth R., *Sátira e invectiva en la España medieval*, Madrid, Gredos, 1971.

Sodré, Paulo Roberto, *Cantigas de madre galego-portuguesas. (Estudo de xéneros das cantigas líricas)*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2008.

Tavani, Giuseppe, *A poesía lírica galego-portuguesa*, Vigo, Galaxia, 1986.

Tavani, Giuseppe, *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*, Roma, Edizioni dell'Ateneo, 1967.

Vázquez Cuesta, Pilar, "Literatura gallega", en *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas*, (Director J.M. Díez Borque), Madrid, Taurus, 1980.

Vieira, Yara Frateschi, *En cas dona Maior. Os trovadores e a corte senhorial galega no século XIII*, Santiago de Compostela, Laiovento, 1999.

Vieira, Yara Frateschi *et alii*, *Glosas marginais ao cancionero medieval português de Carolina Michaëlis de Vasconcelos*, Coimbra, Universidade, 2004.

Escolmas

Alvar, C. e V. Beltrán, *Antología de la poesía gallego-portuguesa*, Madrid, Alhambra, 1985.

Alvar, Carlos e Jenaro Talens, *Locus amoenus. Antología de la lírica medieval de la Península Ibérica*, Barcelona, Galaxia Gutenberg/ Círculo de Lectores, 2009.

Arias Freixedo, X.B., *Antoloxía da lírica galego-portuguesa*, Vigo, Xerais, 2003.

Beltrán, Vicente, *Canción de Mujer, Cantiga de Amigo*, Barcelona, Promociones y Publicaciones Universitarias, 1987.

Cabana, Darío Xohán, *Os trovadores de Occitania*, Romeán (Lugo), Edicións da Curuxa, 2011.

Departamento de Filoloxía Galega (R. Carballo Calero, L. Fontoira Suris, C. García Rodríguez), *Prosa galega, 3. Da época trovadoresca ao neoclasicismo*, Vigo, Galaxia, 1980.

Fidalgo, Elvira, *De amor y de burlas. Antología de la poesía medieval gallego-portuguesa*, Vigo, NigraTrea, 2009.

Gonçalves, Elsa e Maria Ana Ramos, *A lírica galego-portuguesa. Textos escolhidos*, Lisboa, Comunicação, 1983.

Mongelli, Lênia Márcia, *Fremosos cantares. Antologia da lírica medieval galego-portuguesa*, São Paulo, WMF Martins Fontes, 2009.

Montoya, J., *Alfonso X, el Sabio, Cantigas*, Madrid, Cátedra, 1988.

Reckert, Stephen e Helder Macedo, *Do cancioneiro de amigo*³, Lisboa, Assírio e Alvim, 1996.

Riquer, Martín de, *Los trovadores. Historia literaria y textos*³, 3 vols., Barcelona, Ariel, 1992.

Poesía. Textos e estudos

Brea, Mercedes (coord.), *Lírica profana galego-portuguesa*, Santiago de Compostela, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 1996.

Cohen, Rip, *500 Cantigas d'Amigo*, Porto, Campo das Letras, 2003.

Lang, Henry R., *Cancioneiro Gallego-Castelhano. The Extant Galician Poems of the Gallego-Castilian Lyric School (1350-1450)*, New York-London, Charles Scribner's Sons, 1902.

Lapa, Manuel Rodrigues, *Cantigas d'escarnho e de mal-dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*², Vigo, Galaxia, 1970. (Reed. aumentada, con ilustr., Lisboa, 1996).

Mettmann, Walter, *Cantigas de Santa Maria de Alfonso X o Sabio*, (4 vols.), Coimbra, Universidade, 1959, 1961, 1964, 1972.

Mettmann, Walter, *Cantigas de Santa Maria de Alfonso X, o Sabio*, (2 vols.), Vigo, Xerais, 1986.

Mettmann, Walter, *Alfonso X, el Sabio, Cantigas de Santa Maria*, (3 vols.), Madrid, Castalia, 1986, 1988, 1989.

Michaëlis de Vasconcelos, Carolina, *Cancioneiro da Ajuda*, Halle a. S., Max Niemeyer, 1904. (Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1990).

Nunes, José Joaquim, *Cantigas d'amigo dos trovadores galego-portugueses*, Coimbra, Universidade, 1926-1928.

Nunes, José Joaquim, *Cantigas d'amor dos trovadores galego-portugueses*, Coimbra, Universidade, 1932.

Polín, Ricardo, *Cancioneiro galego-castelán (1350-1450). Corpus lírico da decadencia*, A Coruña, Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, 1997.

Schaffer, Martha E., *Afonso X o Sabio, Cantigas de Santa María. Códice de Toledo (To): transcripción*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2010.

Prosa. Textos e estudos

Carro García, J. (ed. lit.), *Coronica de Santa Maria de Iria. (Códice gallego del siglo XV)*, Santiago de Compostela, CSIC, Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos, 1951.

Lorenzo Gradín, P. e J.A. Souto Cabo (coord.), *Livro de Tristan e Livro de Merlin*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2001.

Lorenzo, Ramón (ed.lit.), *Crónica Troiana. Introducción e texto*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1985.

Lorenzo, Ramón (ed. lit.), *La traducción gallega de la Cronica General y de la Cronica de Castilla*, Ourense, Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo, 2 vols., 1975, 1977.

Lorenzo Vázquez, Ramón (ed. lit.), *Mjragres de Santiago, Milagres de Santiago, Milagros de Santiago*, Valencia, Scriptorium Ediciones Limitadas, 2 vols., 2004.

Martínez López, Ramón (ed. lit.), *General Estoria. Versión gallega del siglo XIV*. Oviedo, Universidad, 1963.

Parker, Kelvin (ed. lit.), *Historia Troyana*, Santiago de Compostela, CSIC, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, 1975.

Pensado, José Luis (ed. lit.), *Fragmento de un "Livro de Tristan" galaico-portugués*, Santiago de Compostela, CSIC, Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos, 1962.

Pensado, José Luis (ed. lit.), *Miragres de Santiago*, Madrid, CSIC, 1958.

Pensado Tomé, J.L. (ed. lit.), *Tratado de albeitaria. Introducción, transcripción e glosario. Edición en apéndice de Gerardo Pérez Barcala*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, CRPIH, 2004.

Souto Cabo, J.A. (ed. lit.), *Rui Vasques. Crónica de Santa Maria de Íria*, Santiago, Cabido da S.A.M.I. Catedral, Seminario de Estudos Galegos, 2001.

Tema 1: Caracterización e estrutura da cantiga**Introdución**

Preténdese con este tema que o alumno se familiarice cos procedementos compositivos empregados polos poetas medievais nas súas cantigas. Que recoñeza os aspectos formais comúns á maioría, e saiba detectar a presenza de singularidades. Destreza no recoñecemento e análise dos ricos e numerosos recursos específicos da nosa área produtora, ou herdados da lírica trobadoresca provenzal.

Epígrafes

I. A homoxeneidade formal

II. Os elementos retóricos

III. A estrutura da cantiga

Actividades

Comezan xa neste primeiro tema as clases interactivas nas que se desenvolverán comentarios de textos nos que se aplicarán os coñecementos teóricos transmitidos neste tema. Centraranse fundamentalmente en textos líricos de temática profana, dos que aprenderemos a recoñecer e analizar contidos, estrutura e forma con toda a súa riqueza retórica. Como se pode comprobar no calendario da guía, estas clases durarán ata o remate da materia.

Bibliografía

Brea, Mercedes, (coord.), *Lírica profana galego-portuguesa*, Santiago de Compostela, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 1996, pp. 13-36.

Corral Díaz, Esther (coord.), *Guía para o estudo da lírica profana galego-portuguesa*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, CRPIH, 2010.

Pena, Xosé Ramón, *Historia da literatura medieval galego-portuguesa*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2002, pp. 221-243.

Tavani, Giuseppe, *A poesía lírica galego-portuguesa*, Vigo, Galaxia, 1986, pp. 83-104.

Tavani, Giuseppe, *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*, Roma Edizioni dell'Ateneo, 1967.

Tema 2. A cantiga de amor

Introdución

Na lírica trobadoresca provenzal está a orixe dos demais trobadorismos europeos, entre eles o noso. Para poder analizar e comprender en profundidade a lírica medieval galego-portuguesa debemos coñecer ben aquela da cal deriva en parte. Para podermos apreciar ben a nosa lírica, debemos coñecer o que nela hai de creación propia e o que nos chegou por herdo e como e con que intensidade se produce ese trasvase, cales son os elementos que se manteñen e cales evolucionan por ser produto dunha sociedade e dun tempo diferentes. O primeiro xénero ao que dirixiremos a nosa atención será, como é tradicional, a cantiga de amor, por ser o que encabeza os cancioneros medievais e por presentar o corpus máis numeroso de composicións.

Epígrafes

- I. A relación coa *cansó* provenzal
- II. Análise do contido
- III. Os procesos conceptistas

Actividades

Lectura dos textos líricos indicados como obrigatorios.

Comentarios prácticos nas clases interactivas para ir adquirindo paseniñamente o dominio preciso na análise textual.

Os alumnos comezarán a preparación dun traballo relacionado coa creación lírica medieval, que amplíe o estrito marco temático da materia e, en consecuencia, a visión do entorno creativo. O control destes traballos realizarase nas titorías personalizadas, antes de entregalos por escrito na data indicada no calendario desta *Guía docente*. Tamén poderán ser utilizados en clase. Con esta actividade e con outras que figuran nos seguintes temas, pretendemos que o alumno practique as competencias de “Comunicación verbal” e “Expresión escrita” que nos propuxemos traballar nesta materia, como xa vimos con anterioridade.

Bibliografía

Beltrán, Vicenç, *A cantiga de amor*, Vigo, Xerais, 1995.

Lanciani, Giulia e Giuseppe Tavani (coords.), *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa, Caminho, 1993.

Tavani, Giuseppe, *A poesía lírica galego-portuguesa*, Vigo, Galaxia, 1986.

Tema 3. A cantiga de amigo

Introdución

Estudo da “canción de muller” na grande versión que desta modalidade compositiva nos transmitiron os cancioneros galego-portugueses. As súas relacións con outras creacións europeas. Caracterización. Temática.

Epígrafes

I. As orixes líricas

II. Caracterización

III. Análise do contido

IV. Modalidades

Actividades

Lectura dos textos indicados como obrigatorios

Seguimos coas clases prácticas de comentario de textos.

Bibliografía

Beltrán, Vicente, *Canción de Mujer, Cantiga de Amigo*, Barcelona, Promociones y Publicaciones Universitarias, 1987.

Brea, Mercedes e Pilar Lorenzo Gradín, *A cantiga de amigo*, Vigo, Xerais, 1998.

Lanciani, Giulia e Giuseppe Tavani (coords.), *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa, Caminho, 1993.

Lorenzo Gradín, Pilar, *La canción de mujer en la lírica medieval*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da Universidade, 1990.

Reckert, Stephen e Helder Macedo, *Do cancionero de amigo*, Lisboa, Assírio e Alvim, 1996.

Tavani, Giuseppe, *A poesía lírica galego-portuguesa*, Vigo, Galaxia, 1986.

Tema 4. A cantiga de escarnio e de maldicir**Introdución**

Estudo do interesante e amplo corpus de cantigas deste xénero e dos problemas de definición que o atinxen

Epígrafes

I. Consideracións xerais

II. Clasificación e estudo temático

Actividades

Lectura dos textos obrigatorios

Comentarios de textos nas clases interactivas

Bibliografía

Gutiérrez García, Santiago, *Amor e burlas na lírica trobadoresca. Un estudo das cantigas paródicas galegoportuguesas*, O Castro, Sada, Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, 2006.

Lanciani, Giulia e Giuseppe Tavani, *As cantigas de escarnio*, Vigo, Xerais, 1995.

Lanciani, Giulia e Giuseppe Tavani (coords.), *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa, Caminho, 1993.

Lopes, Graça Videira, *A sátira nos cancioneiros medievais galego-portugueses*, Lisboa, Editorial Estampa, 1994.

Martins, Mário, *A sátira na literatura medieval portuguesa*, Amadora, Instituto de Cultura Portuguesa, 1977.

Scholberg, Kenneth R., *Sátira e invectiva en la España medieval*, Madrid, Gredos, 1971.

Tavani, Giuseppe, *A poesía lírica galego-portuguesa*, Vigo, Galaxia, 1986.

Vieira, Yara Frateschi e outros, *Glosas marxinais ao cancioneiro medieval português de Carolina Michaëlis de Vasconcelos*, Coimbra, Universidade, 2004.

Tema 5. Os xéneros menores

Introdución

A riqueza e variedade da lírica trobadoresca galego-portuguesa maniféstase, entre outros aspectos, nos múltiples xéneros líricos que os seus poetas cultivaron. Ademais dos tres grandes xéneros xa estudados, temos un interesante corpus de textos que pertencen a outras modalidades xenéricas, cuxa presenza, e supomos que cultivo literario, é moi inferior en número, pero non en calidade.

Epígrafes

I. Os xéneros dialogados

- A tensó
- O partimen

II. Os xéneros baseados en técnicas formais e compositivas

- A cantiga de seguir
- O descordo
- A bailada

III. Os xéneros de temática amorosa

- A alba
- A pastorela
- O lai

IV. Os xéneros e as relacións sociais

- O pranto
- As cantigas encomiásticas
- As cantigas epigramáticas

Actividades

Lectura dos textos indicados como obrigatorios.

Desenvolvemento nas clases interactivas de comentarios literarios de textos destes xéneros.

Bibliografía

Lanciani, Giulia e Giuseppe Tavani (coords.), *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa, Caminho, 1993.

Tavani, Giuseppe, *A poesía lírica galego-portuguesa*, Vigo, Galaxia, 1986.

Pena, Xosé Ramón, *Historia da literatura medieval galego-portuguesa*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2002.

Tema 6. As Cantigas de Santa Maria**Introdución**

Análise desta importante creación da nosa lírica medieval. Procuraremos que o alumno comprenda e aprecie o valor intrínseco desta obra, a súa riqueza manifestada en diferentes artes -poética, musical, pictórica- e o seu interese tamén para outro tipo de estudos, non só os literarios.

Epígrafes

- I. Situación da obra no seu contexto. Relación coa lírica profana trobadoresca
- II. A figura de Afonso X, o Sabio
- III. Noticia dos códices
- IV Fontes
- V. Estrutura e evolución da obra
- VI. As cantigas narrativas e non narrativas
- VII. A autoría
- VIII. Métrica, música e lingua

Actividades

A este tema corresponde a obra de lectura obrigatoria: Jesús Montoya (ed. lit.) *Alfonso X el Sabio, Cantigas*, Madrid, Cátedra, 1988.

Os comentarios de textos das clases interactivas correspondentes a este tema serán sobre estas cantigas de temática relixiosa en gabanza da Virxe María.

Os alumnos deberán realizar un traballo en relación con este tema, que se recollerá na data sinalada no calendario desta *Guía docente*.

Bibliografía

Alfonso X, el Sabio, *Cantigas de Santa María*. Edición, introducción y notas de Walter Mettmann, (3 vols.), Madrid, Castalia, 1986, 1988, 1989.

Betti, Maria Pia, *Repertorio metrico delle "Cantigas de Santa Maria" di Alfonso X di Castiglia*, Ospedaletto (Pisa), Pacini, 2005.

Brea, Mercedes, "As *Cantigas de Santa Maria*", en *Galicia. Literatura. Idade Media*, A Coruña, Hércules, 2000, 318-361. (Proxecto Galicia, tomo XXX).

Fidalgo, Elvira (coord.), *As Cantigas de Loo de Santa María (edición e comentario)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, CRPIH, 2004.

Fidalgo, Elvira, *As Cantigas de Santa Maria*, Vigo, Xerais, 2002.

The Oxford *Cantigas de Santa Maria* Database.

Tema 7. O estudo da prosa

Introdución

Estudo das creacións en prosa medieval galega, procurando dar unha visión integradora na cultura europea do momento.

Epígrafes

I. Reflexións sobre as circunstancias de creación e o corpus que integra a nosa prosa galega medieval. Diferentes visións

II. A produción prosística

- Os textos de carácter xurídico
- A historiografía
- Os textos de finalidade didáctica
- A novelística
 - A Materia de Grecia
 - A Materia de Francia
 - A Materia de Bretaña

Actividades

A este tema corresponde a lectura obrigatoria da narración do “Pseudo Turpín” integrada nos *Mirages de Santiago*, que se deberá ler pola edición do profesor J.L. Pensado.

Acompañando as explicacións, faranse tamén lecturas comentadas de diversos textos analizados en clase.

Bibliografía

Gutiérrez García, Santiago, “Consideracións sobre o período medieval na historiografía literaria galega”, en *Boletín Galego de Literatura*, 31, 2004, 29-47.

Lorenzo, Ramón, “Prosa medieval”, en *Galicia. Literatura. A Idade Media*, A Coruña, Hércules, 2000, 365-429. (Proxecto Galicia, tomo XXX).

Pena, Xosé Ramón, *Historia da literatura medieval galego-portuguesa*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2002. (Capítulos 13, 14 e 15).

Tema 8. A lírica epigonal

Introdución

Estudo da creación lírica final en galego, cando xa a poesía muda de estética e cambia de lingua.

Epígrafes

- I. A transmisión textual
- II. A evolución temática e retórica
- III. Principais autores e obras

Actividades

Comentarios de textos desta etapa creadora.

Bibliografía

Pena, Xosé Ramón, *Historia da literatura medieval galego-portuguesa*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2002.

Polín, Ricardo, *A poesía lírica galego-castelá (1350-1450)*, Santiago de Compostela, Universidade, 1994.

Polín, Ricardo, *Cancioneiro galego-castelán (1350-1450). Corpus lírico da decadencia*, A Coruña, Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, 1997.

6. METODOLOXÍA

A distribución oficial dos créditos desta materia en 2/3 de clases expositivas e 1/3 de clases interactivas, ademais de tres horas de tutoría personalizada explica, en parte, a metodoloxía que aplicaremos ao longo do curso.

Teremos, pois, clases de desenvolvemento teórico dos temas e clases de tipo práctico.

As clases expositivas servirán para que a profesora presente os contidos do programa, incidindo especialmente naqueles aspectos que considere máis relevantes. Os temas non ocupan o mesmo tempo de desenvolvemento pois este depende da súa amplitude e, sobre todo, da súa importancia relativa no desenvolvemento dos estudos literarios.

As clases interactivas, desenvoltas en grupos de menor número de alumnos que as expositivas, revestirán diversas modalidades, pero incidirán, sobre todo, no comentario de textos –relacionados coas explicacións teóricas-, do que se aprenderá sistematización, conceptos e vocabulario. Tamén se farán lecturas guiadas de textos. Noutros casos os tipos de prácticas serán menos frecuentes, como audicións de música das nosas cantigas medievais, ou asistencia a algún evento relacionado coa materia.

Pídese dos alumnos a lectura de varias obras que exemplifican a creación literaria do período estudado, e de obras de carácter científico. O alumno debe lembrar que a lectura de obras literarias e de textos críticos, de investigación ou historiográficos é un elemento imprescindible na súa formación, e debe adquirir -se non o ten xa- un hábito de lectura crítica que perdurará toda a vida. A lectura é actualmente, en xeral, un acto individual. Pero á profesora interésalle non só o aproveitamento individual do alumno, senón tamén a demostración ante a colectividade das destrezas adquiridas, posto que nas competencias que se considera importante desenvolver nesta materia está á par do dominio da expresión escrita (individual) tamén a expresión oral (paso do individual ao colectivo). O futuro da profesión desenvolverase en grande parte ante a colectividade, por iso as lecturas deberán dar lugar, obrigatoriamente, ao desenvolvemento de dous traballos que serán presentados por escrito, pero tamén se utilizarán para actuacións nas clases, interaccionando cos demais alumnos.

Polo que respecta ás tutorías, a profesora estará disponible durante 6 horas semanais para que o alumno poida consultarlle dúbidas ou incidencias diversas relacionadas co seu traballo non presencial, ben de estudo dos aspectos teórico-prácticos, ben de desenvolvemento dos traballos.

Ademais estableceremos un calendario de tutorías personalizadas que fixaremos cos alumnos e que entendemos como actividade especificamente relacionada co desenvolvemento dos traballos académicos e o seguimento dos coñecementos adquiridos nas sesións teóricas e prácticas e no traballo libre levado a cabo polo alumno.

Estas posibilidades de tutorías diversas non impiden comunicacións asincrónicas a través do correo electrónico cando o alumno ou a profesora o consideren necesario.

Como é natural, todas as actividades do curso desenvolveranse en galego.

7. DISTRIBUCIÓN DA CARGA DE TRABALLO (ECTS) CALENDARIO

A *Literatura galega medieval* é unha materia de 6 créditos equivalentes no sistema ECTS a 150 horas de traballo do alumno pois calcúlase 25 horas por crédito que se distribúen consonte ao seguinte criterio:

Actividades presenciais: 54 horas

- Horas presenciais expositivas: 32
- Horas presenciais interactivas: 16
- Titorías personalizadas: 3
- Sesións de avaliación: 3

Actividades non presenciais dirixidas: 21 horas

Actividades non presenciais de traballo autónomo: 75 horas

As 21 horas de actividade dirixida adicaranse á lectura das obras e preparación dos traballos propostos no programa.

As 75 horas de traballo autónomo do alumno dedicaranse, libremente, ao estudo da materia, consulta da bibliografía recomendada para maior dominio da mesma, e preparación de exames.

ACTIVIDADES	HORAS PRESENCIAIS	TRABALLO DIRIXIDO	TRABALLO AUTÓNOMO
Clases expositivas	32		40
Clases interactivas	16		20
Titorías personalizadas	3	21	
Sesións avaliación	3		
Actividades libres en relación coa materia			15
TOTAL	54	21	75

Da adaptación desta situación ao próximo curso 2011-2012 resulta o seguinte

CALENDARIO

XANEIRO 2012

30. Presentación do programa, bibliografía e actividades a desenvolver. Grupos A e B

31. Tema 1: **Caracterización e estrutura da cantiga**

FEBREIRO

1. Tema 1:

6. Tema 1 / Práctica, A e B

7. Tema 2: **A cantiga de amor**

8. Tema 2:

13. Tema 2 / Práctica, A e B

14. Tema 2

15. Tema 2

22. Tema 3: **A cantiga de amigo**

27. Tema 3 / Práctica, A e B

28. Tema 3

29. Tema 3

MARZO

5. Tema 3 / Práctica, A e B

6. Tema 3

7. Tema 4: **A cantiga de escarnio e de maldicir**
Entrega do primeiro traballo

- 12. Tema 4 / Práctica, A e B
- 13. Tema 4
- 14. Tema 4
- 19. Tema 4 / Práctica, A e B
- 20. Tema 4:
- 21. Tema 4
- 26. Tema 4 / Práctica, A e B
- 27. Tema 5: **Os xéneros menores**
- 28. Tema 5

ABRIL

- 9. Tema 5 / Práctica, A e B
- 10. Tema 5
- 11. Tema 6: ***As Cantigas de Santa Maria***
- 16. Tema 6 / Práctica, A e B
- 17. Tema 6
- 18. Tema 6
- 23. Tema 6 / Práctica, A e B
- 24. Tema 6
- 25. Tema 6.
Entrega do segundo traballo
- 30. Tema 6 / Práctica, A e B

MAIO

3. Tema 7: O estudo da prosa

7. Tema 7 / Práctica, A e B

8. Tema 7

9. Tema 7

14. Tema 7 / Práctica, A e B

15. Tema 7

16. Tema 7

21. Tema 8: A lírica epigonal

22. Tema 8

23. Tema 8

XUÑO

Día 1. Exame final, ás 12:00, na aula 12

XULLO

Día 11. Exame final, ás 16:00, na aula 9

8. AVALIACIÓN

Consideracións xerais

A formación na materia e nas competencias, o traballo e a madurez xeral do alumno serán avaliados pola profesora mediante a consideración de tres aspectos:

- Asistencia e participación nas aulas, 10%
- Correcta realización e puntual entrega de dous traballos escritos e asistencia ás titorías personalizadas, 30%
- Exame final, 60%

Aspectos que se terán en conta e criterios que se empregarán para os valorar

Xa que a asistencia é un elemento a ter en conta na avaliación, será periodicamente controlada, sendo imprescindible para a obtención do total do tanto por cento correspondente a este aspecto, un 85% de asistencia, o que quere dicir que non se debe faltar ás aulas -salvo situacións excepcionais- máis de seis horas.

Valorarase tamén a participación activa nas sesións presenciais, preparando as tarefas que a profesora indique e intervindo nas actividades prácticas das clases.

A inasistencia a clase supón a perda do % correspondente, dado que ese aspecto é irrecuperable.

O alumno deberá desenvolver dous traballos individuais. Valorarase neles a estrutura, a capacidade de relación e a claridade no manexo de conceptos, a correcta expresión, o adecuado uso das fontes bibliográficas, unha boa presentación, e a puntual entrega no día marcado no calendario.

A realización destes traballos é obrigatoria para todos os alumnos.

O exame final, de realización obrigatoria, terá lugar na data marcada oficialmente pola facultade, e versará sobre os diferentes temas das clases teóricas e a aplicación dos coñecementos adquiridos nos comentarios de textos e demais clases prácticas.

Para o establecemento dunha cualificación final positiva da actividade do alumno é imprescindible aprobar tanto os traballos como o exame final.

Segunda proba de avaliación

Aqueles alumnos que non consigan superar a materia na primeira proba de avaliación, que terá lugar o día 1 de xuño, poderán realizar outra o 11 de xullo. As cualificacións obtidas nos dous primeiros aspectos citados gardaráselles para esta segunda proba.

Cadro resumo da avaliación e % atribuído a cada actividade

ASPECTO	CRITERIOS	INSTRUMENTO	PESO
Asistencia e participación	<ul style="list-style-type: none"> •Asistencia •Participación nas actividades propostas 	<ul style="list-style-type: none"> •Observación •Notas da profesora 	10%
Realización de traballos	<ul style="list-style-type: none"> •Entrega puntual de traballos correctamente elaborados 	<ul style="list-style-type: none"> •Dous traballos individuais 	30%
Conceptos da materia	<ul style="list-style-type: none"> •Dominio dos coñecementos teóricos e prácticos do programa 	<ul style="list-style-type: none"> •Exame final teórico-práctico 	60%

Recomendacións da profesora

A materia é ampla de contidos, así que a recomendación esencial é que o alumno realice un traballo diario de lecturas e de estudo da temática para poder levar adiante o curso con orde e aproveitamento.

ÍNDICE

	Páxinas
1. Datos descritivos da materia	3
1.1. A materia.....	3
1.2. A profesora.....	3
2. Contextualización da materia no plano de estudos	4
2.1. Bloque formativo no que se encadra.....	4
2.2. Papel que xoga no plano de estudos. Aportación a outras materias...	4
2.3. Interese da materia para a futura profesión.....	4
3. Obxectivos da materia	5
4. Competencias	6
5. Contidos da materia	7
5.1. Descritor.....	7
5.2. Temario.....	7
5.3. Lecturas obrigatorias.....	8
5.4. Bibliografía xeral.....	9
5.5. Tema 1:Caracterización e estrutura da cantiga.....	16
5.6. Tema 2: A cantiga de amor.....	17
5.7. Tema 3: A cantiga de amigo.....	19
5.8. Tema 4: A cantiga de escarnio e de maldicir.....	20
5.9. Tema 5: Os xéneros menores.....	21
5.10. Tema 6: As <i>Cantigas de Santa Maria</i>	23
5.11. Tema 7: O estudo da prosa	25
5.12. Tema 8: A lírica epigonal	26
6. Metodoloxía	27
7. Distribución da carga de traballo (ECTS)	28
Calendario	29
8. Avaliación	32
8.1. Consideracións xerais.....	32
8.2. Aspectos que se terán en conta e criterios para os valorar.....	32
8.3. Segunda proba de avaliación.....	33
8.4. Cadro resumo.....	33
8.5. Recomendacións da profesora.....	33
9. Índice	34